

RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE DICIEMBRE DE 2014 POLA QUE SE CONVOCA UN PROCESO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA ALUMNADO DE MÁSTERES UNIVERSITARIOS EXTINGUIDOS, CO TRABALLO FIN DE MÁSTER PENDENTE DE APROBAR, PARA O CURSO 2014/2015

Como consecuencia dos procesos de seguimento das titulacións de máster universitario, ou ben pola propia dinámica do mercado de traballo, nos últimos cursos académicos incrementouse significativamente o número de plans de estudo de máster que entraron en proceso de extinción. Algúns o fixeron para transformarse nouro plan de estudos adaptado ás novas circunstancias, pero outros non.

A normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de máster, aprobada polo Consello de Goberno o 9 de xuño de 2009, foi recentemente modificada para incluír a posibilidade de convocar por unha única vez, unha convocatoria extraordinaria para que o alumnado destes másteres que, rematadas as convocatorias de avaliación establecidas no proceso de extinción, estea pendente da superación do Traballo Fin de Máster (TFM).

Por todo o anterior, esta Reitoría


RESOLVE

PRIMEIRO: Establecer un prazo entre o 12 e o 30 de xaneiro de 2015 para que aqueles alumnos de plans de estudo de másteres, que remataron o seu proceso de extinción antes do actual curso 2014/2015 (Anexo I), poidan presentar unha solicitude (Anexo II) de avaliación extraordinaria do seu traballo fin de máster (TFM). A solicitude presentárase na secretaría de alumnos do centro de adscrición do seu máster, dirixida á Comisión Académica do mesmo.

SEGUNDO: Ata o 13 de febreiro de 2015 as secretarías de alumnos dos centros trasladarán as solicitudes recibidas ao último coordinador que tivera o máster antes da súa extinción.

TERCEIRO: Ata o 27 de febreiro de 2015 as Comisións Académicas dos másteres emitirán informe (no cadrado gris das solicitudes) sobre a posibilidade de realizar a avaliación solicitada, con expresión da persoa ou persoas responsables de dita avaliación. O informe deberá de motivarse no caso de que sexa desfavorable. No caso de que sexa favorable deberá incluír tamén unha proposta de data de avaliación, entre o 1 de xuño e o 16 de xullo de 2015. Os informes serán enviados á Sección de Posgrao e Formación Continua.

CUARTO: A Comisión de Estudos de Posgrao valorará e aprobará, no seu caso, as solicitudes de avaliación extraordinaria presentadas, á vista dos informes achegados polas Comisións Académicas.



QUINTO: A Sección de Posgrao comunicará, aos alumnos e ao/a coordinador/a do máster, a aceptación da solicitude, a persoa ou persoas responsables e a data de avaliación. Realizará a matrícula do TFM para cada alumno/a e emitirá a correspondente carta de pagamento, que só poderá aboarse en efectivo nos quince días seguintes. Así mesmo, xerará a acta correspondente antes da data de avaliación, enviándoa á secretaría do centro de adscrición.


SEXTO: As actas desta convocatoria extraordinaria deberán entregarse nos mesmos prazos previstos para as actas da convocatoria ordinaria de avaliación de xullo (30 de xullo de 2015).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Vigo, 23 de decembro de 2014

O REITOR,
Por delegación (R.R. 07/05/2014)
A VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN
ACADÉMICA E PROFESORADO



Ana M^a Graña Rodríguez

VICERREITORA DE ESTUDANTES
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SECRETARIA XERAL
DIRECTOR DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS
COORDINADORES/AS DE ESTUDOS DE MÁSTER
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
DIRECTOR DE ÁREA DE POSGRAO
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN OU ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS
RESPONSABLES DOS REXISTROS
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL

ANEXO I: RELACIÓN DE MÁSTERES EXTINGUIDOS ANTES DO CURSO 2014/2015

**Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas:
Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente**

V03M043V01

V03M106V01

Máster Universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións (SIGMA)

V05M026V01

Máster Universitario en Comercio Internacional

V06M027V01

Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente

O03M004V01

Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente, R.D. 56/2005

O03M073V01

Máster Universitario en Edición R. D. 1393/2007

V01M033V01

Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade

V04M020V01

Máster Universitario en Enxeñaría da Construción, Especialidade: Estruturas

V04M021V01

Máster Universitario en Enxeñaría da Construción, Especialidade: Instalacións

V04M021V02

Máster Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais

O02M054V01

Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos

V03M036V01

**Máster Universitario en Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias
pola Universidade Católica Portuguesa e a Universidade de Vigo**

V03M076V01

Máster Universitario en Investigación en Comunicación

P04M051V01

Máster Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas

V03M041V01

**Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial
pola Universidade de Minho (Portugal) e a Universidade de Vigo**

V03M018V01

Máster Universitario en Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica

V04M065V01